

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

Para a elaboración da programación desta materia Proxecto Competencial do 2º curso de Educación Primaria, tívose como referencia o currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurárase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPI Fonte Díaz de Touro. Pretende ser unha programación globalizada que dea continuidade e interrelacione os contidos ao longo dos tres ciclos, de cara á consecución dos obxectivos marcados para a etapa, acadando así as competencias establecidas na lexislación vixente e nos distintos programas de formación do centro.

Á hora de elaborala temos en conta non só o marco socioeconómico no que actuamos (característico do rural galego interior), senón tamén o patrimonio cultural das distintas parroquias de Touro (coas súas potencialidades no ámbito da nosa zona; por exemplo, no ámbito dos xogos populares, patrimonio material e inmaterial ou a natureza, os bosques), así como as características do alumnado e as súas individualidades (para o que se prevén os mecanismos de avaliación inicial e de procedemento que nos mesmos especificamos).

O grupo de Segundo está formado por catro nenos e nenas que xa cursaron esta materia o curso escolar pasado.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

O centro de interese da programación é O bosque, tema elixido polo colexio para o curso 2023-2024 como eixo aglutinador das actividades centrándonos en coñecer os bosques do concello de Touro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os bosques do noso concello.	Buscaremos información sobre os bosques do noso concello. Faremos algunhas saídas se as familias nos autorizan, consultaremos libros, revistas e xornais veremos vídeos, películas, documentais e tamén lle pediremos axuda as familias para que nos acheguen información de cómo eran os bosques antes, que atopában neles, que produtos sacaban, en que zonas do concello había máis bosques e por qué...	30	13	X		
2	Como representamos os bosques no concello.	Levaremos a cabo diferentes formas de representar os bosques froito de toda a información recollida: gráficas, proxectos de escritura, modelado, debuxos, e o que nos pareza oportuno chegado o momento, sempre respetando a opinión dos compañeiros e compañeiras de clase.	30	12		X	
3	Contamos como son os nosos bosques.	Con todo o material realizado elaboraremos un produto final que pode ser unha pequena obra de teatro un mural bosque elaborado con distintos materiais: plastilina, materiais da contorna, materiais de reciclaxe, unha maqueta... e a finais do curso faremos a presentación ou exposición do mesmo.	40	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os bosques do noso concello.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia dos bosques.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporaliza as distintas fases do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventa incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Como representamos os bosques no concello.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Contamos como son os nosos bosques.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto realizado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas de ser necesario.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega algún recurso dixital, audiovisual ou plástico como apoio a presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Coñecendo os bosques do meu concello".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

No proxecto o alumnado traballará de forma cooperativa e asumirá tarefas individuais que se integrarán no resultado final do proxecto.

- Na primeira avaliación explícase como vamos a realizar o proxecto ao alumnado e o proceso a seguir. Partiremos do que coñecemos para avanzar no coñecemento da contorna. Formuláremos e buscaremos a información necesaria para atopar as respostas adecuadas. Recolleremos información dos cambios que provoca o fin do verán o outono e a chegada do inverno nos bosques do concello, elementos do bosque, utilidade dos bosques, lugares donde hai máis bosques.. e tamén a que acheguen as familias. Coa información recollida faranse: debuxos, algún vídeo das saídas, pequenos textos que recollan o visto e estudado poñendo en práctica o vocabulario adquerido, modelado con plastilina e outras que consideremos oportuno.

Considero necesario facer pequenas saídas sempre contando coa autorización necesaria das familias pola contorna para ver, escoitar, sentir, ulir, tocar e coñecer presencialmente aspectos que despois se traballarán na aula coa finalidade de que a aprendizaxe sexa vivencial e significativa.

- Na segunda avaliación darán forma a información recollida xa seleccionando o importante e o secundario e seguiremos observando e tomando nota dos cambios no bosque co paso do tempo e poñendo en práctica unha metodoloxía globalizada para relacionar os contidos das distintas materias do curso.

É necesario organizarse para chegar a acordos: necesitan seleccionar a información, os materiais a utilizar, o reparto de tarefas...sempre colaborando e respetando as opinións dos compañeiros e compañeiras.

- Na terceira avaliación o alumnado presentará o resultado final do seu traballo mediante unha posta en común, unha exposición das actividades realizadas O MURALBOSQUE feito con técnicas e materiais diversos de forma cooperativa.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinariamente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá: expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...
- Lingua Galega: expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...
- Ciencias Sociais: espazos e lugares da contorna, momentos históricos, antropoloxía...
- Educación en Valores Cívicos e Éticos: comportamento social, respecto á cultura propia...

- Educación Plástica e Visual: deseño do formato de presentación do proxecto
- Matemáticas: numeración, series, conceptos temporais e espaciais, elaboración de gráficas...
- Ciencias da Natureza: seres vivos, seres inertes, animais, plantas...
- Música: os sons, o ritmo...
- Educación Física: xogos, desprazamentos...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais: caderno, lapis, cores, gomas, cartolinas, carpeta, axenda, plastilina, revistas, xornais, libros da biblioteca e das familias, murais, revistas, xornais, libros da biblioteca e das familias, fotografías....
Recursos da contorna: follas, pedras, area, terra, ramas...
Materiais de refugallo: teas, lá, envases de vidro....
Recursos dixitais: ordenadores sala de informática, ordenador aula, vídeos, películas, documentais...
Materiais aportado polas familias.

O espazo habitual no que se desenvolven as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Tamén faremos saídas pola contorna. Utilizaremos tamén a aula da informática, a biblioteca do centro e o patio de recreo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso observaremos ao alumnado para recoller a información necesaria para iniciar o novo curso. Os resultados daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función das observacións realizadas e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

1. Valoración dos contidos e competencias adquiridas.

- Observación directa do traballo do alumnado, fichas, exercicios orais e/ou escritos, recollida de información, debuxos, onde se reflexe a adquisición dos contidos e competencias vistas.

Porcentaxe: 70% da nota.

2. Realización do traballo na clase.

- Realización adecuada das tarefas diarias, en tempo e forma.
- Organización e limpeza dos materiais.

Porcentaxe: 20% da nota.

3. Valoración na aula de:

- Participación: Levanta a man para poder expresar a súa opinión e aporta ideas.
- Esfuerzo: Si ten dificultades pide axuda e trata de mellorar.
- Atención: Respeto a opinión das compañeiras e compañeiros.
- Colabora e non entorpece na realización do traballo diario.

Porcentaxe: 10% da nota.

Tendo en conta os criterios mencionados anteriormente o alumnado será calificado utilizando a escala numérica de un a dez puntos coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3, 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7, 8.

Sobresainte: 9, 10.

A calificación para cada trimestre resultará de facer a media das notas obtidas.

A calificación final da materia será a media das tres avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

Se algún alumno ou alumna obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha a medida ordinaria de reforzo individualizado pola titora para o alumnado que o requira.

Serán informadas as familias e a Orientadora do centro.

Como medidas de apoio podemos utilizar o reforzo educativo da titora, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de darse a situación, serán deseñadas actividades de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, para a realización das súas tarefas individuais utilizando a medida de Reforzo Educativo.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras que van máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Competencia Dixital	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas pola contorna	Para coñecer os bosques do concello e recoller información para o proxecto.	X	X	X
Festa do Samagosto	Participaremos nesta actividade para coñecer a tradición do Samaín no Concello de Touro. Traballaremos os sotos formados por bosques con castiñeiros. castañas relacionadas qu.o en todas tendo como núcleo aglutinador O bosque.	X		
Obradoiros que se realicen no centro	Participaremos en todos os que se adapten a idade do noso alumnado.	X	X	X
Xogos	O alumnado coñecerá e practicará xogos relacionados dalgún xeito co bosque.	X	X	X

#### Observacións:

Utilizaremos como un recurso educativo as actividades organizadas polas equipas de Biblioteca do cole e de Normalización lingüística para traballar de xeito interdisciplinario o Proxecto Competencial deste curso O BOSQUE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

#### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas, o grao de participación de alumnado e das familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

## **9. Outros apartados**